

Marx. Trabajo. Relación home-natureza. Relación home-home.

1. **Loita-enfrontamento-relación do home coa natureza.**
 - Satisfacción **necesidades supervivencia** (como organismo, ser natural). **Relación home-natureza** motivada pola **urxencia de sobrevivir**, (satisfacción das **necesidades primarias** de alimentación, protección e cobixo).
 - Satisfacción **necesidades especificamente humanas** (como ser humano).
2. **Natureza=natureza externa**, “*corpo inorgánico do home*”. **O non-humano que se humaniza** mediante a **actividade humana**. **Humanización-modificación da natureza** por medio da **actividade humana**, do **traballo**. Mediante o **traballo** o home crea un **mundo humano** arredor del no que habita. **Obxectivación** do traballo: creación dun mundo humano.
3. **Traballo: actividade específica do home**, “*ser xenérico do home*” (propia da especie humana), **esencialmente constitutiva do humano**.
 - **Non é unha mera actividade económica**, nin un simple medio de subsistencia. É unha **actividade existencial** (define o modo de existencia humano).
 - **Autorrealización do home polo traballo**. **Realización da natureza humana** a través do **traballo (praxis)**: o home realiza o seu ser xenérico a través do **traballo**, **humaniza a natureza e humanízase a sí mesmo**.
 - **Praxis** que converte ao home en: **ser activo+social+histórico**.
 - a) **Ser prático, activo**: O traballo como **actividade especificamente humana**. **Acción colectiva, consciente e libre+Emancipación da natureza** *versus* Actividades colectivas dos animais: **instintivas+suxección-dependencia da natureza**.
 - b) **Ser social**: O traballo xera **relacións sociais**: **relación home-home**.
 - c) **Ser histórico**: Mediante o traballo, o home transforma a natureza e tamén **transforma o mundo humano**, cambia a natureza e **cambia ao propio home**. **Autoprodución** do home.
4. **CUESTIÓN CLAVE: ¿A economía capitalista realiza a natureza humana?, ¿a organización do traballo no sistema capitalista contribúe a emancipación humana?, ¿baixo as condicións en que se leva a cabo a produción na formación social burguesa capitalista o traballo é liberación e realización do home?**
5. **Análise do traballo no sistema produtivo capitalista:**
 - **Explotación** do home polo home. A **sociedade capitalista** é unha **sociedade de clases**: **dominio das clases opresoras** (propietarios medios de produción) sobre as **clases oprimidas** (produtores, forza de traballo).

- **Empobrecemento do traballador** como resultado do seu propio traballo e da riqueza que produce. **Depauperización dos obreiros** [poor workers: traballadores pobres da economía capitalista na era da globalización]. Feito económico recoñecido pola **Economía Política Inglesa (Adam Smith)**: A miseria dos obreiros é froito da forma de traballo predominante baixo o capitalismo.
- **Impacto negativo da forma de organización do traballo do capitalismo sobre o desenvolvemento humano** máis alá do ámbito da economía: factor determinante da **existencia humana alienada**. Anulación das capacidades propiamente humanas na actividade produtiva.

6. **ALIENACIÓN**: **Estranamento, enaxenación**. **Definición xeral**: Perda ou desposesión de algo propio. Enaxenar algo propio, que pasa a ser de outro. **Conversión** ou mutación de algo de un, en algo alleo, externo, estrano, que non pertence a un, que un non domina, non controla, pero que pasa a dominar ao propio suxeito.

- **ANÁLISE ALIENACIÓN ECONÓMICA:**

a) **Alienación do produto**: **O traballador vese desposuído do produto do seu propio traballo**, que non lle pertence, que pertence a outro (burgués capitalista propietario dos medios de produción social). Creación dun mundo de obxectos que domina ao traballador. Consumismo materialista: mediante o seu salario, o obreiro aspira a comprar-consumir os produtos que el mesmo produce.

b) **Alienación do traballo**: **A propia actividade produtiva non lle pertence ao traballador**. O traballador traballa para outro. O traballador vende a súa forza de traballo. No traballo, o traballador non realiza a súa esencia plenamente humana, non se emancipa, senón que o traballo é traballo forzado, simple medio de subsistencia, que degrada ao home á condición de máquina, de besta de carga. Deshumanización do traballador no propio traballo.

c) **Alienación respecto dos homes**: **Estranamento con respecto aos demais traballadores**. Individuos illados, enfrontados. Competitividade entre os propios obreiros. **Relación entre persoas** a través dos bens (mercancías) que se intercambian. Transformación das relacións persoais en relacións materiais.

d) **Alienación con respecto á natureza**: *"O traballo enaxenado converte á natureza en algo alleo ao home."* O traballador non ve a natureza como unha extensión do seu propio corpo, como o *"corpo inorgánico do"*

home”, como algo seu, senón como algo alleo, **estranho**. O traballador tampouco percibe o **traballo** como a súa actividade vital consciente, libre, xenérica, propia e definitoria da especie humana, senón como un simple **medio de subsistencia**. **Equiparación entre o traballo humano e a actividade vital animal**.

7. **Reificación. Cosificación:**

- **Transformación das relacións persoais entre homes en relacións obxectivas entre cousas**. Conversión do propio traballador en *cousa*, en mercancía. Como toda mercancía, a **forza de traballo humana** ten un **prezo** (soldo, salario), cómprase e véndese. Pero a forza de traballo non é algo independente do propio traballador, cando o burgués capitalista compra a forza de traballo do obreiro, dispón del completamente.
- **Explicación, comprensión, presentación dos procesos humanos (sociais, políticos e económicos) como procesos naturais**. Mixtificación, ocultamento do contido humano (non natural) dos procesos socio-históricos (tamén da economía).

8. **Fetichismo da mercancía:** **Adoración, culto, idolatría das mercancías**, bens. **Valor das persoas=valor das mercancías** (posesión) ou do seu equivalente en diñeiro. Atributos humanos en función do diñeiro, dos bens de consumo. **Modo de existencia burgués** baseado en *posuir, ter* (en lugar de *ser*).

9. **Superación da alienación:** **Abolición da propiedade privada dos medios de produción social**. Socialización dos medios de produción. **Socialismo**: Control estatal dos medios de produción social. **Comunismo**: Control por parte dos traballadores dos medios de produción social. **Autoxestión**.